

DECRETO DA ALCALDÍA

Santiago de Compostela, 09 de setembro de 2020

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020. Mediante sucesivos acordos do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de xuño, do 17, do 24 e do 30 de xullo de 2020, introducíronse determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020.

A Orde do 2 de setembro de 2020 (DOG núm. 178-Bis, do 02/09/2020), da Consellería de Sanidade, pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, fai referencia ao informe sobre a situación epidemiolóxica na comarca de Santiago, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública do 2 de setembro de 2020, segundo o cal a taxa de incidencia nesta comarca está a medrar, fundamentalmente á costa do aumento de casos no concello de Santiago de Compostela.

As medidas de prevención que se recollen na citada orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponde aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridades sanitarias dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), as competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Por outra banda, a Consellería de Educación fai públicas unhas instrucións polas que se incorporan á declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (DOG núm. 174-Bis do 25/08/2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21.

Así mesmo, en data 1 de setembro a Consellería de Educación publica a Resolución do 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establece a incorporación gradual do alumnado para o curso 2020/21 nos centros educativos sostidos con fondos públicos na comunidade Autónoma de Galicia, establecendo:

“ ...

1. O día 10 de setembro incorporárase o alumnado de 4º e 5º de educación infantil 1º, 2º e 3º curso de educación primaria e educación especial.

2. O día 11 de setembro incorporárase o alumnado de 6º de educación infantil e 4º, 5º e 6º curso de educación primaria.

...”

Tendo en conta o exposto anteriormente, e segundo refire o informado pola persoa técnica responsable do Departamento do Concello de Santiago de Compostela, que reza do seguinte texto literal:

“ INFORME TÉCNICO SOBRE A MODIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN NOS SERVIZOS DE COMEDOR E DE MADRUGADORES NA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2020-2021 PARA ADAPTALO ÁS NOVAS INSTRUCIÓN DICTADAS POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DE 31 DE AGOSTO DE 2020

Emítese este informe a petición do alcalde de Santiago co obxecto de propoñer a aprobación das modificacións no procedemento de admisión no Servizo de Comedor e Madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do concello de Santiago de Compostela para o curso 2020-21 que foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 29 de xuño de 2020, unha vez que a Consellería de Educación publicou o 31 de agosto as “INSTRUCIÓN POLAS QUE SE INCORPORAN A DECLARACIÓN DE ACTUACIÓN COORDINADAS EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA APROBADAS POLO CONSEJO INTERTERRITORIAL DO SISTEMA NACIONAL DE SALUD PÚBLICA (D.O.G No 174 BIS DO 28-08-2020) E A ACTUALIZACIÓN DAS RECOMENDACIÓN SANITARIAS DO COMITÉ CLÍNICO AO PROTOCOLO DO 22 DE XULLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021. VERSION 31-08-2020”, que condiciona ao servizo de comedores e madrugadores tal e como se estaba desenvolvendo o curso pasado e obriga á adopción de medidas extraordinarias e protocolos de aplicación a este servizo.

I.- ANTECEDENTES:

1. A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión do día 29 de xuño, consonte a proposta da concelleira delegada de Educación, aprobou os "Prazos e o procedemento de admisión nos servizos de comedores e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2020-2021.
2. A Consellería de Educación publicou o 31 de agosto as Instrucións polas que se incorporan a *DECLARACIÓN DE ACTUACIÓN COORDINADAS EN MATERIA E SAÚDE PÚBLICA APROBADAS POLO CONSEJO INTERTERRITORIAL DO SISTEMA NACIONAL DE SALUD PÚBLICA (D.O.G NO 174 BIS DO 28-08-2020) E A ACTUALIZACIÓN DAS RECOMENDACIÓN SANITARIAS DO COMITÉ CLÍNICO AO PROTOCOLO DO 22 DE XULLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021.(VERSIÓN 31-09-2020).*
3. O Concello de Santiago atende, a un número moi importante de usuarios de comedor escolar. No curso 2020-2021 inscribíronse nos servizos 1.270 alumnos/as.
4. O servizo de comedor e madrugadores do Concello de Santiago se rexe pois pola normativa da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Convenio de colaboración coa Consellería de Educación para a xestión do servizo de comedor nos cursos 2019-2020 e 2020-21.
5. Acordo da Xunta de Goberno Local de data do 23 de decembro de 2019, consonte coa proposta da concelleira delegada de Educación, na que aprobou a adxudicación do contrato de "Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2019-2020, a favor da empresa Alimentación Saludable Gallega, S.L por un prezo de 1,76 euros IVE aparte para o almorzo e de 4,92 € IVE aparte para o xantar. Nesa mesma Xunta de Goberno Local aprobouse o prezo autorizado polo Concello de Santiago de Compostela dos servizos de comedor e madrugadores na Rede de Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2020, que serían os seguintes:

Prezo usuarios:

Prezo do xantar/comensal/día:	4,50 euros (IVE engadido)
Prezo do almorzo/comensal/día:	1,94 euros (IVE engadido)

6. Con data de 29 de xaneiro de 2020 asínase Contrato Administrativo de Prestación do Servizo de Catering e de Persoal Monitor/Coidador de Comedor Escolar para os CEIPS dependentes do Concello de Santiago de Compostela 2019-2020 (CON /39/2019). Consta no expediente Acta de inicio da actividade de data 30 de xaneiro de 2020.

II.- CONSIDERACIÓNS:

1. Para o procedemento administrativo séguense, con carácter xeral, os artigos 163 a 185 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como os artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, do 1º de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Tendo en conta o recollido nos antecedentes e aos efectos da posta en marcha do servizo de madrugadores e comedores co inicio do curso escolar 20-21, faise necesario adaptar o procedemento de admisión nos servizos de madrugadores e de comedores e o funcionamento do mesmo, adaptándoo ás citadas instrucións e aos Protocolos e medidas organizativas establecidas nos centros educativos nos que se prestan os citados servizos.

III. ORDE DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:

1. Debido a situación actual por mor da pandemia da COVID-19 dítanse instrucións da Consellería de Educación con data de 31 de agosto de 2020, onde se indica entre outras cuestións que terase que gardar unha distancia de seguridade entre os comensais e cumprir coas instrucións que determinen as autoridades sanitarias e educativas competentes na materia. Por este motivo, a capacidade de todos os comedores reducirase, polo que na maioría dos casos realizarase dobre quenda de comida (priorizando na primeira quenda os escolares de infantil e primeiros cursos de primaria) ata completar o aforo que se estableza en cada espazo de comedor.
2. Tendo en conta o volume de solicitudes recibidas e atendendo ás restricións que se derivan da situación sanitaria, é necesario restrinxir o número de usuarios que poden facer uso do comedor.

Por este motivo, e polo que sería preciso establecer a seguinte orde de preferencia na asignación das prazas de madrugadores e de comedor escolar entre aqueles solicitantes que fixeron a solicitude nos prazos establecidos:

1º O alumnado bolsreiro polo Departamento de Benestar social do Concello de Santiago de Compostela.

2º Aquelas familias nas que ambos titores estean traballando ou en tránsito laboral no horario de comedor, ou un no caso de familias monoparentais.

Terán preferencia entre elas, as familias que soliciten os 5 días da semana e polo tanto, o mes completo. A continuación, a orde de asignación de prazas será en función do número de días solicitados e dicir: (1º lugar 5 días, 2º lugar 4 días, 3º lugar 3 días, 4º 2 días e por último os que soliciten un día fixo).

Para a asignación das citadas prazas, terase en conta o sinalado no *Impreso de Matrícula nos servizos de Comedores e de Madrugadores* no momento de presentación da solicitude. Os datos facilitados polas familias, no caso de ser necesarios, serán comprobados coa listaxe de beneficiarios de Bolsas que resolva o Departamento de Benestar Social e coa acreditación documental, por parte das familias, de necesidade de conciliación laboral ao coincidir os horarios de traballo co horario de comedor e madrugadores (ou no seu tránsito).

Sempre e cando existan prazas dispoñibles nos servizos de comedor e madrugadores, unha vez asignadas as prazas dos apartados 1 e 2, asignaríanse as prazas cos seguintes criterios:

3º As solicitudes de usuarios fixos (5 días a semana, mes completo). A continuación, a orde de asignación de prazas será en función do número de días fixos solicitados e dicir: (1º lugar 5 días, 2º lugar 4 días, 3º lugar 3 días, 4º 2 días e por último os que soliciten un día fixo).

No caso de que as familias non fagan uso do servizo de madrugadores e de comedores, nos primeiros días de asignación da praza, sen causa xustificada por razón de forza maior e debidamente comunicada e acreditada, ou ben non fagan uso do servizo en base á solicitude presentada durante dúas semanas continuadas, decaerá o seu dereito de reserva de praza no servizo de comedores e madrugadores, pasando ao último posto da lista de agarda e dando lugar ao cobro íntegro do servizo contratado.

No caso de empate realizaríase un sorteo.

Todas as solicitudes entregadas nos prazos establecidos que non obtiveran praza, quedarán en lista de agarda ata que se produza unha vacante no servizo solicitado, e irán entrando en orde segundo os criterios anteriores.

Non obstante ofrécese a posibilidade de contar cun servizo de comida para levar para aquelas familias que o desexen que consiste nunha bolsa cunha barqueta que inclúe (un primeiro, un segundo, postre e pan) para consumir en casa. A comida entrégase en liña quente. Non é posible combinar as opcións de comer no comedor e o menú para levar, mentres estean vixentes as medidas establecidas pola Consellería de Educación por esta situación de pandemia. O prezo é o mesmo que o menú no comedor e, de non facer uso do servizo, rexerán os mesmos criterios indicados no parágrafo anterior.

Queda aberta a inscrición fora dos prazos establecidos, durante o resto do curso, unicamente co criterio de orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello, sempre que haxa praza vacantes e, despois, de que entrasen os usuarios que realizaron a inscrición nos prazos establecidos.

Todas estas medidas estarán vinculadas á evolución da pandemia, podendo ser máis flexibles ou máis estritas en función desta e podendo chegar incluso a suspensión do servizo se as autoridades sanitarias e educativas así o acordan.

IV. RÉXIME DE PREZOS AUTORIZADOS POLO CONCELLO.

- Para o curso 2020-2021 manteranse os mesmos prezos públicos que foron aprobados na Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 23 de decembro de 2019, que son os seguintes:

Prezo do xantar /comensal/día: 4,50 €/día (IVE engadido).

Prezo do almuerzo/comensal/día: 1,94 €/día (IVE engadido)

- No caso de non asistencia ao servizo de xantar e de almuerzo, para o aboamento do servizo, deberá comunicalo con data límite ás 20.00 h. do día anterior, preferentemente a través do seguinte correo electrónico: atencioncomedorsantiago@alimentacionsaludablegallega.com ou empregando o whatsapp número 606 94 00 87. Na comunicación enviada deberá indicarse o nome de Centro, o tipo de Servizo de (Madrugadores/Comedores), o nome do neno/a e día/s de non asistencia. A reiteración de máis de tres días no mesmo mes de non asistencia (salvo causa de forza maior, debidamente acreditada) dará lugar ao cobro íntegro do servizo contratado que, de non facerse efectivo, decaerá o seu dereito de reserva de praza, pasando o último posto da lista de agarda.
- Non poderán facer uso de xantar e almuerzo os usuarios con recibos impagados de cursos anteriores. As familias que teñan recibos impagados serán baixa temporal no servizo ata que teñan regularizado o seu pago. Para calquera consulta ou incidencia a empresa Alimentación Saludable Gallega, pon a disposición das familias a seguinte conta de correo electrónico: facturacion@alimentacionsaludablegallega.com
- O cobramento do recibo será mensual e realizarase a mes vencido. O importe mensual do recibo será o resultado de multiplicar o número de días contratados do alumno/a polo prezo do servizo.

V. FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE MADRUGADORES E COMEDORES ADAPTADO AO CONTEXTO DA PANDEMIA PROVOCADA POLA COVID-19

Preséntase un curso escolar complexo pola aplicación de protocolos de seguridade e hixiene para previr os efectos da pandemia da COVID-19. Estes protocolos afectan aos comedores escolares especialmente no que ten que ver coa distancia de seguridade entre os comensais, así como nas medidas de limpeza e desinfección dos espazos. Esas medidas trouxeron como consecuencia a redución do aforo dos espazos (nalgúns casos xa escasos en circunstancias normais), polo que non se poderán atender a todos os solicitantes e non se poderá aplicar a flexibilidade de uso que era unha das características deste servizo con anterioridade á pandemia.. O que prima agora ante a redución de espazos e polo tanto de comensais, é garantir que aquelas familias máis vulnerables e aquelas que si realmente o necesitan porque nese horario os dous proxenitores traballan, poidan ter acceso ao servizo.

Por iso habería que establecer uns criterios de acceso que serán de aplicación onde haxa máis solicitudes que espazo dispoñible.

1.- DATAS DE REALIZACIÓN

Os servizos de comedor e madrugadores prestaranse os días lectivos do curso escolar 2020-2021 dende o primeiro día ata o último día que se establezan no *calendario escolar para o curso 2020/2021, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*. O servizo de comedor e madrugadores se rexe pola normativa da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Convenio de colaboración coa Consellería de Educación para a xestión do servizo de comedor nos cursos 2019-2020 e 2020-21.,

2.- LUGAR DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:

Nos espazos de comedor asignados nos CEIP Apóstolo Santiago, Cardeal Quiroga Palacios, Fontiñas, Monte dos Postes, Vite, Rodríguez-Xixirei, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas, Roxos-Villestro e no CEIP Arquitecto Casas Novoa (só madrugadores condicionada á dispoñibilidade dun espazo que reúna as características esixibles). Así mesmo, cando sexa necesario habilitar unha segunda quenda, empregaranse outros espazos de "espera", consensuados coas direccións dos centros educativos. Procurarase empregar espazos abertos, mentres as condicións climatolóxicas e de seguridade así o permitan.

3.- MEDIDAS BÁSICAS DE PROTECCION DO PERSOAL E USUARIOS DO SERVIZO.

3.1 Uso de máscaras

O persoal adscrito ao servizo utilizará en todo momento a máscara de protección, con independencia do mantemento da distancia de seguridade.

Os usuarios a partir dos 6 anos de idade usarán a máscara agás no momento en que inxiran bebidas ou alimentos. No tempo que pasa entre que se serven os diferentes pratos que conforman o menú, utilizarase a máscara. Recoméndase o uso para o alumnado de educación infantil.

Esta obriga non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade que imposibilite o uso da máscara, e deberá ser acreditada polo facultativo correspondente.

3.2 Hixiene das mans e hixiene bucodental

O persoal e usuarios, lavará as mans antes do inicio do servizo e ao finalizar o mesmo con auga e xabón durante polo menos 40 segundos. Cando non sexa posible isto (polo volume de nenos/as e o número de aseos destinados ao uso dos usuarios de comedor e madrugadores), procederase a desinfección das mans con xel hidroalcohólico. que estará dispoñible en cada comedor.

Non se realizará a hixiene bucodental.

3.3 Distribución dos usuarios/as nos servizos de comedor e madrugadores

Os/as usuarios/as distribuiranse atendendo aos grupos estables de convivencia que teñen os centros. Comerán agrupados sen respectar a distancia de seguridade, separando os grupos de convivencia 1,5 metros. Reforzarase a seguridade coa instalación de mamparas separadoras naqueles espazos de comedor que así se determine.

Asignaranse postos fixos. Levarase un rexistro diario do lugar que ocupan co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.

Establécese un máximo de dúas quendas por servizo, independentemente de que o número de solicitantes do servizo sexa maior das prazas dispoñibles.

4. LIMPEZA DOS ESPAZOS E MATERIAL UTILIZADO

Realizarase unha limpeza e desinfección dos espazos utilizados entre cada unha das quendas e ao finalizar o servizo.

O enxoval utilizado lavarase mediante sistema mecánico despois de cada uso.

O material utilizado para a realización do proxecto educativo será de uso individual e será limpado despois do seu uso.

Os espazos destinados á custodia dos usuarios será limpado entre quendas e ao finalizar o servizo, só se utilizará nos centros onde teñan dúas quendas de comedor, e sempre que non sexa posible estar ao aire libre.

Todos os espazos serán ventilados o maior tempo posible e sempre entre quendas.

5. PERSOAL

A ratio de persoal será dun monitor/a cada 15 usuarios para infantil, e 1 monitor/a por cada 18 para primaria, de acordo co establecido no Prego de Condicións Técnicas que rexen o servizo.

O persoal fará as funcións de monitores e de persoal de limpeza.

O persoal realizará a autoenquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico epidemiolóxica que se describe no Anexo I das instrucións para a adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino para o curso 2020-2021, que debe realizarse antes da chegada ao centro de traballo.

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID 19 non acudirán ao posto de traballo e darán coñecemento á empresa Alimentación Saludable Gallega, S.L e ao equipo COVID do centro.

Os centros proporcionarán o contacto do centro de saúde de atención primaria de referencia, así coma o contacto dun responsable do equipo COVID.

Coa fin de cumprir as novas esixencias poderase ampliar un monitor por centro previa autorización do departamento de educación.

6. ENTRADAS E SAÍDAS DOS USUARIOS DOS SERVIZOS DE COMEDOR E DE MADRUGADORES

6.1. COMEDOR

A entrada ao servizo de comedor poderá adaptarse aos horarios de saída establecidos nos centros educativos.

O persoal de comedor irán a recoller só o alumnado de infantil como se viña facendo con anterioridade.

A saída dos usuarios do servizo de comedor farase por quendas, facendo entrega dos menores á persoa autorizada para recollelo/s na porta principal do centro, e no seu caso, nos espazos habilitados a tal efecto.

6.2. MADRUGADORES

No servizo de madrugadores serán os responsables legais do menor (pais, nais, titor/a, etc), os que fagan a entrega dos menores na porta principal do centro ou cando se determine, na porta do espazo reservado para este servizo.

Os adultos e os usuarios terán que levar a máscara de protección en todo momento, a excepción do alumnado de educación infantil, onde só será recomendable.

A entrada ás clases dos usuarios/as do servizo de madrugadores será do seguinte xeito:

- Alumnado de primaria: irán segundo o seu horario de entrada sós dende o espazo de madrugadores ás aulas.

- Alumnado de infantil: serán acompañados polos monitores ata as aulas de infantil no seu horario de entrada.

Naqueles centros nos que como consecuencia da modificación do horario durante este período, se produza un intervalo entre o remate do programa madrugadores e o inicio da actividade escolar, ampliarase o horario ata un máximo de media hora.

Durante os desprazamentos tanto para a entrada como para a saída do servizo os usuarios utilizarán a máscara de protección no caso dos maiores de 6 anos, e todos manterán a distancia de seguridade.

7.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

As familias deberán entregar unha declaración responsable asinada aos coordinadores/a do

comedor de acordo co modelo da Consellería de Educación pola situación derivada da COVID



8- ALUMNADO BOLSEIRO:

A instrución da Concellería de Benestar Social de 8 de setembro de 2020 en relación coas bolsas de comedor, indica o seguinte:

“ INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO INICIAL DOS COMEDORES ESCOLARES DOS CENTROS PÚBLICOS DE ACORDO CO PROCEDIMENTO, APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE COMEDOR, ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E CONCERTADOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDO CICLO) E DE EDUCACIÓN PRIMARIA OBRIGATORIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O CURSO 2020/2021

Antecedentes e feitos:

*A Concellaría de Políticas Sociais e Saúde convoca, para o curso escolar 2020/2021, **bolsas para comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares** para alumnado de Educación Infantil (segundo ciclo) e de Educación Primaria de centros docentes públicos e concertados, sostidos con fondos públicos, do Concello de Santiago de Compostela. Este programa ten, entre as súas finalidades, as de facilitar a integración sociolaboral das nais, pais ou titores, fomentar a dinámica*

relacional dos/as menores co seu grupo de iguais, favorecer a súa participación e inclusión social, apoiando ás unidades familiares que, por dificultades socioeconómicas, non poidan facer fronte a estes gastos, así como propiciar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Coa convocatoria de bolsas para comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares preténdese dar cumprimento á obriga que teñen os municipios de promover toda clase de actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da veciñanza, así como a execución de programas e proxectos destinados á atención á familia, de acordo ao establecido no artigo 8.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

As anteditas bolsas teñen a consideración de subvencións, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, normativa que é de aplicación a esta convocatoria, así como o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Na referida convocatoria establécense, entre outras, as seguintes **modalidades**:*

- a) **Bolsas para unidades familiares e de convivencia con escaseza de recursos económicos**, destinadas a aquelas unidades familiares e de convivencia que, por situacións carenciais, teñen dificultades para afrontar gastos de comedor dos menores que teñen ao seu cargo ata un máximo de 90,00 €/mes

- b) **Bolsas** para facilitar a **conciliación** da vida persoal, familiar e laboral das unidades familiares e de convivencia destinadas a sufragar o custo do comedor: 45,00 €/mes.

Elaboráronse unhas listaxes **PROVISIONAIS** do alumnado dos **CENTROS PÚBLICOS** do Concello de Santiago, que podería ser beneficiario das devanditas bolsas de comedor nas súas dúas modalidades.


Para o establecemento de ditos listados **PROVISIONAIS**, quedaron xa fora do cómputo total das solicitudes, as que foron presentadas fora de prazo, aquelas nas que as familias non están empadroadas no Concello de Santiago e as que superan os límites de recursos establecidos nas bases reguladoras.

Cómpre manifestar que neste momento a instrución do procedemento está na fase de subsanación e mellora das solicitudes.

Rematada a instrución do procedemento, o expediente remitiráselle á unha comisión de avaliación, que avaliará as solicitudes das bolsas, poñendo de manifesto os criterios utilizados de acordo co contido nestas bases, dará lugar a un informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada, ao amparo dos criterios fixados nas bases desta convocatoria e continuarase coa proposta de resolución definitiva ata que a Xunta de Goberno Local, que é o órgano competente para a concesión das bolsas, dite resolución definitiva motivada segundo o disposto nas bases e de acordo coa antedita proposta de resolución. (..)

Con esta listase provisional de alumnado becado poderían facer uso do comedor dende o inicio da prestación do servizo aquelas familias beneficiarias da beca.

Non obstante, todo o aquí sinalado queda condicionado como vimos dicindo neste informe á situación sanitaria, instrucións, variables e as directrices das autoridades competentes que se diten en relación coa COVID-19. Polo tanto é posible, que, se as directrices das autoridades sanitarias ou da Comunidade Autónoma de Galicia cambian, tamén se teña que adaptar o servizo de comedores e madrugadores, o que pode obrigar a establecer restricións no número de usuarios/as, modificacións nas modalidades de asistencia nas que establezan novos criterios de admisión, adaptación de novos espazos, novas condicións de participación de obrigado cumprimento, entre outras, e que serán publicadas na páxina web municipal”



CONSIDERANDO a competencia que a esta alcaldía lle atribúe o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril,

RESOLVO:

- 1.- Autorizar a modificación do procedemento de admisión nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2020/21, a fin de adaptalo ás novas instrucións ditadas pola Consellería de Educación, e nos termos que se recolle neste decreto.
- 2.- Establecer como data de efectos do novo procedemento recollido neste decreto, o mesmo día da súa publicación.

O alcalde



Xosé A. Sánchez Bugallo